

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE RIANXO PARA A POSTA EN VALOR DO HÓRREO DO ARAÑO, CON ADECUACIÓN E MELLORA DA SÚA CONTORNA E ACCESOS

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Rianxo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Rianxo para a posta en valor do hórreo do Araño, con adecuación e mellora da súa contorna e accesos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- O Concello de Rianxo, no intento da posta en valor do patrimonio cultural existente e co fin de dalo a coñecer ás persoas visitantes e peregrinas que recibe propón a execución de actuacións de recuperación e mantemento en correcto estado de



conservación de diferentes bens de interese patrimonial no interior do núcleo, de xeito que as condicións nas que se atopen sexan acordes ó medio onde se emprazan.

Na parroquia do Araño, na parte máis alta da finca da casa reitoral parroquial, na subida para a aldea de Traba, ao norte da igrexa do Araño, localízase o hórreo máis grande do mundo. Este hórreo data do século XVII, dispónse nunha planta rectangular de 36,80 metros de longo, asentado sobre muros pechados de cachotería pedra, a cuberta é a dúas augas lonxitudinais realizada con tella curva. A entrada á cámara principal da planta alta realízase a través de dúas portas que teñen acceso a través dunhas escaleiras, tamén de pedra, dispostas nas proximidades da fachada, baixo o tornarratos de lousas traballadas de pedra.

Este hórreo atópase a carón dunha vía pública municipal, e de lado dunha zona de aparcamento. Esta zona de aparcamento atópase en mal estado de conservación e o acceso non é adecuado para un tránsito alto, nin moi adecuado para o paso de autobuses ou para o cruzamento de coches de gran tamaño.

A parcela na que se empraza o hórreo é privada, pero o aparcamento lindeiro é público municipal. Este aparcamento localízase a carón da parcela da igrexa parroquial, pero atópase na vía pública municipal que une a estrada autonómica AC-305 e a aldea de Traba a través do Lugar da Capela.

O Hórreo do Araño é un elemento patrimonial singular, emprazado nunha zona apartada da parroquia do Araño, a carón da igrexa e do cemiterio parroquial. De feito, a mesma parcela onde se empraza o hórreo é a mesma, de propiedade eclesiástica, onde se localiza a igrexa, a casa consistorial e parte do cemiterio.

A carón do hórreo emprázase na actualidade un aparcamento con acabado con pavimento de asfalto, o cal se atopa nun estado moi malo de conservación, debido ás filtracións e emanacións de auga do subsolo, xa que estando a carón do monte, preséntase como unha zona co chan de pedra e con afloramentos de auga abundante.

A localización desta parcela que alberga o cemiterio, a igrexa e o hórreo que se vén describindo é ideal para comprobar as vistas dende o lugar, sobre o resto da parroquia e de gran parte do concello, pero tamén para ser visto dende gran parte da superficie do concello, debido á súa localización elevada, no alto dunha ladeira dun monte.



Esta zona de aparcamento, tal como se acaba de describir, localiza varias superficies con vistas privilegiadas sobre o resto da parroquia e sobre todo sobre o hórreo, que aínda que estea nunha finca privada atópase a carón da parte leste e oeste do aparcamento e da vía pública que discorre por el.

As actuacións a realizar están emprazadas en vías públicas municipais e nunha parcela, na cal se localiza gran parte do aparcamento, a cal pertence ó concello de Rianxo.

Un dos condicionantes da zona é a aparición de escorregamentos de auga procedentes da ladeira do monte que se ancora coa cara norte do aparcamento, e incluso o afloramento de auga do subsolo, dun terreo formado por grixos e pedra, típica de terreos forestais. Esta característica fixo que o aparcamento executado nos últimos 20 anos estea completamente deteriorado, polo que as intervencións a realizar teñen que contar cunhas actuacións previas que acouten a aparición da auga e o seu desprazamento controlado.

O concello vén estudando a posibilidade de realizar unha obra de adecuación da contorna do hórreo para poñer en valor un monumento singular, con análise das opcións de mellora da superficie de aparcamento, mellora dos accesos, etc... pero sobre todo para adecuar, facilitar e dar coñecemento do inmovible ás visitas que se reciben no hórreo.

O obxecto do presente proxecto é poñer en valor a contorna do hórreo, recollendo as actuacións previstas para dotar á zona duns accesos adecuados, unha zona de aparcamento adaptada ó movemento de vehículos, a necesidade de información sinalética e o acomodo dos visitantes que se reciban na zona.

Terceiro.- A finalidade das actuacións a realizar é a posta en valor do ben patrimonial existente de forma particular e a exaltación da zona de forma xeral, así como o acondicionamento e mellora de espazos públicos existentes.

Para este fin foron analizados e serán valorados economicamente as seguintes actuacións a realizar:

- Dispoñer dunhas gabias drenantes que recollan a auga que discorre pola capa superficial do subsolo e que evite as roturas e deformacións dos pavimentos de acabado.
- Construír unha rede de pluviais que recolla a auga da choiva que discorre actualmente por cunetas abertas, dispoñendo unha rede soterrada baixo a nova senda con instalación



de pozos e elementos de recollida de auga superficial.

- Reparación do firme, con nivelación das zonas de aparcamento e ca eliminación de resaltes.
- Disposición de novo acabado de pavimento con aplicación de pavimento asfáltico en quente en toda a vía pública municipal e no aparcamento a carón do hórreo.
- Construción de varios tramos dunha senda peonil que comunique de forma continua o acceso do hórreo e as superficies laterais do aparcamento.
- Disposición e construción dunha pasarela de madeira, lindeira co muro lateral da parcela onde se empraza o hórreo para facer unha zona elevada para visualizar o hórreo e servir de miradoiro do val que une a parroquia do Araño coa ría de Arousa en Rianxo.
- Instalación e mellora da rede eléctrica de iluminación, con disposición de focos para iluminación do hórreo, dos paneis informativos e do aparcamento e disposición dunhas tiras led a colocar na pasarela de madeira.
- Disposición de marcas viarias nos novos pavimentos a instalar, tanto con sinais horizontais como con liñas lonxitudinais nas estradas ou liñas de delimitación de prazas de aparcamentos.
- Sinalización e sinalética que axuden a chegar ó hórreo, que axuden a comprender o ben patrimonial e que delimiten a zona turística.

Cuarto.- A Estratexia de Turismo de Galicia 2030 ten como misión impulsar un turismo auténtico e sostible. Esta artículase a través de misións, sendo unha delas a mobilidade, conectividade turística e reequilibrio territorial. Unha primeira liña de traballo incide en mellorar a percepción do destino e garantir e facilitar información sobre este. En segundo lugar, o turismo é a grande actividade económica capaz de redistribuír riqueza e facilitar emprego en áreas especialmente vulnerables e que afrontan o reto demográfico. A estratexia busca apuntalar o turismo rural cara ao ano 2030, mellorando a súa planificación, facilitando investimentos e xerando novas experiencias, máis atractivas e innovadoras, pero, sobre todo, que reforcen a cultura e a identidade local.

Neste senso cómpre mellorar os investimentos no turismo rural para manter o rico patrimonio histórico ou, con carácter xeral, xerar infraestruturas básicas que melloren a



experiencia turística. Consegúrase así non só mellorar a accesibilidade a zonas menos visitadas, senón que tamén se contribuirá a distribuír os fluxos turísticos de maneira máis equilibrada e fomentárase un turismo responsable e sostible.

Este proxecto supón a posta en valor dos recursos turísticos do concello, o que tamén contribuirá á revalorización do turismo da Comunidade Autónoma e a necesidade de atender áreas con necesidades específicas, para a mellora da calidade de vida da poboación, ofrecendo ao visitantes produtos turísticos seguros, que incidirán na promoción e potenciación do turismo en Galicia.

Que a través deste convenio, outórgase ó Concello de Rianxo unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

